# A forma *mais* na lírica profana galego-portuguesa: variación lingüística e estatus métrico*

## *Mais*: Linguistic variation and rhyme scheme in secular Galician-Portuguese lyric poetry

MANUEL FERREIRO
*Universidade da Coruña*

**RESUMO**. Neste artigo realízase o estudo formal e métrico de *mais*, procedente de MAGIS, que funciona como adverbio de cantidade e tamén como conxunción adversativa na lírica profana galego-portuguesa, o mesmo que na restante produción escrita medieval. No que respecta á cuestión da variación, móstrase como a presenza da forma reducida *mas* para os usos adversativos xa é importante tanto nas composicións procedentes do *Cancioneiro da Ajuda* como naqueloutras transmitidas polos apógrafos italianos; asemade, estúdase a variación das leccións manuscritas en casos puntuais en que tal partícula presenta diferente forma (*mais*, *mas*, *maes*) nos diversos manuscritos. No relativo ás cuestións métricas, reflexiónase sobre o comportamento de *mais* verbo da súa eventual bisilabicidade, que nunca foi xustificada nin razoada por medio da revisión sistemática da partícula en todo o corpus trobadoresco profano galego-portugués. Neste sentido, levántanse numerosos contextos emendados polos diversos editores e que confirman a posibilidade de contaxe bisilábica de *mais*.

*Palabras clave*: adverbio e conxunción *mais*, métrica, poesía trobadoresca, galego-portugués.

**ABSTRACT**. This article examines the form and metre of the particle mais (derived from MAGIS), used in medieval secular Galician-Portuguese poetry (and all other written sources from that period) as both an adverb of quantity and an adversative conjunction. The study illustrates the widespread use of the shorter variant form mas for adversative functions from an early stage, in com-

Data de recepción: 19.10.2015 · Data de aceptación: 10.01.2016.

* Este traballo inscríbese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa* (FFI2009-08917 - FFI2012-32801 - FFI2015-63523-P), subsidiado polo Ministerio de Economía y Competitividad. Unha primeira —e reducida— versión do presente texto foi presentada como relatorio no *XV Congreso Internacional* da AHLM en 2013.

positions from both the Cancionero de Ajuda and the Italian apographs. The article also analyses specific cases in which the form of the particle varies across the different transmitted versions of the manuscript (mais, mas, maes). The metrical analysis of the particle examines the behaviour of mais within the rhyme scheme, specifically in regard to its occurrence as a disyllabic unit. To account for and explain this pattern, the study offers the first comprehensive, systematic survey of the particle's presence in the corpus of secular Galician-Portuguese troubadour poetry, restoring numerous examples of uses amended by previous editors, and confirming the occurrence of mais as disyllabic.

*Keywords*: adverbial *mais*, conjunction *mais*, metre, troubadour poetry, Galician-Portuguese.

**I.** A coexistencia de MAGĬS e PLUS no seo do latín vulgar desembocou, a pesar dalgúns testemuños de *chus* na Idade Media, no triunfo da primeira forma nas linguas da Península Ibérica, fronte ao resto da Romania que, en xeral, conserva os descendentes da segunda forma (*cfr*. fr. *plus*, it. *più*).

Neste sentido, achar a forma *chus* na produción medieval galego-portuguesa é certamente difícil, pois na prosa notarial galega só se atesta en dous documentos, e, dun modo similar, aparecen tamén os contados catro rexistros que localizamos en documentación portuguesa:

> E mãdo ainda q(ue) se s'asuar nõ pod(er)en ou nõ q(ui)s(er)en ou discordia for antr'aq(ue) stes a q(ue) eu mãdo d(e)partir aq(ue)stas dezimas susu nomeadas, ualia aq(ui)lo q(ue) mãdarẽ os **ch(us)** muitos p(er) nõbro. [...] q(ue) se todos n(on) se pod(er)en asuar ou n(on) q(ui)s(er)en ou descordia for antr'eles ualia aq(ui)lo q(ue) mãdaren os **ch(us)** muitos p(er) nõbro. (1214, Testamento de D. Afonso II: Ms T, 1214, *vid*. *CIPM*, *s.v*. *chus*).

> e se quiserdes vender a dita herdade ou empegnorar vendades ou empegnoredes ao dito moesteiro por **chus** pequeno preço ou en tal lugar, por conselo do moesteiro, onde aga o moesteiro toda sua derectura (doc. de 1302, *vid*. *TMILG*, *s.v*. *chus*).

> et sse esto que eu mando he **chus** pouco cao quinto de todos meus bees assi movil como rrayz, mando que o quinto de todos meus bees assy movil como rrayz que o fillen meus compridores enteiramente et compran por elle meu testamento (doc. 1305, *vid*. *TMILG*, *s.v*. *chus*).

> E deuẽ põer encouto de .Lxa. soldos & nõ de **chus** (*Dos Costumes de Santarém*, 1340-1360, *vid*. *CdP*, *s.v*. *chus*).

> De foro de gáádo que dam a guardar o uecĩo a seu uecĩo a raçõ que se perder Sabede que se as uaquas grãdes ese primeyro anno que las dã morerẽ que as enforme de **chus** pequenos

beçeros e se morerã Ao Segũdo anno enformarẽ dos beçeros de ijª annos e sse morerã Aos iij annos enformar dos beçeros de iij annos (*Foros de Garvão*, séc. XIV, *vid*. *CdP*, *s.v*. *chus*).

E tod omẽ que ouuer vĩa des que der. v. moyos de vĩo de hũu puçal. & nõ **chus** (*Documentos foraleiros da Chancelaria de D. Dinis-Bragança*, c. 1500, *vid*. *CdP*, *s.v*. *chus*).

Fóra da documentación tabeliónica, só achamos dúas ocorrencias de *chus* nas traducións do *Foro Real* (c. 1280) e da *Terceira Partida* de Afonso X (c. 1300):

Se moytos h(er)deyros forẽ en algũas cousas que se possã partir e os huũs quiserẽ partir e os outros non, o q(ue) os **chus** e os mays fezerẽ ena partiçõ, esso ualha e nõ se possa desfaz(er) pellos mays poucos a partiçõ, se nõ mostrar razõ dereyta p(er) q(ue) nõ deue a ualer depoys que a partiçõ for feyta. (*vid*. *CIPM*, *s.v*. *chus*).

E sse der carta aalgũũs conçelhos que os atẽdã os judeus polas diuydas de a villa mayor cõ seus termhos .xij. maravedis. & a **chus** so meya .vj. maravedis (*vid*. *CdP*, *s.v*. *chus*).

Na prosa literaria, sorprenden as trinta e unha ocorrencias de *chus* na *Demanda do Santo Graal* (*CIPM* e *CdP*, *s.v*. *chus*)[1], xunto con unha única documentación nunha narrativa do *Livro de Linhagens* (séc. XIV):

E entom foi rei dom Afonso mui bravo, e disse a dom Gonçalo: «Ca per **chus** pouco que est[o] cegou [o] meu avo [a]o vosso» (*vid*. *CIPM*, *s.v*. *chus*).

Nesta liña, as oito aparicións de *chus* na lírica profana galego-portuguesa[2] (tres na mesma cantiga) parecen acordes coa escasísima presenza desta forma na restante produción medieval, sen que se perciba especial preferencia por cuestións cronolóxicas ou xenéricas:

---

1 Talvez porque o manuscrito da *Demanda* conservado, do século XV, é copia dunha versión moito máis antiga, probabelmente do século XIII.

2 Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D'Heur (1975: 10-93), coas correccións achegadas por Montero Santalla (2000: 55-101), xunto coa numeración do *Repertorio metrico* de Tavani (1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén estabelecido polo mesmo estudoso, e das referencias convencionais dos manuscritos (*A*, *B*, *V*); nas referencias breves é utilizada simplemente a numeración d'heuriana seguida do número de verso (ás veces seguida da referencia aos manuscritos). Canto á lectura dos manuscritos, utilizamos as edicións facsimilares dos cancioneiros: *Cancioneiro da Ajuda. Edição Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Edições Távola Redonda, 1994; *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991*. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982; *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos-Instituto de Alta Cultura, 1973. Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro-Martínez Pereiro-Tato Fontaíña (2007).

6 / 13,2 AiMoAsm [B6], v. 7: ja eu **chus** non a negarei
6 / 13,2 AiMoAsm [B6], v. 13: non vo-la ei **chus** a dizer
6 / 13,2 AiMoAsm [B6], v. 15: ja **chus** seu nome non direi
123 / 97,7 PaiSrzTav [A37], v. 16: Pero nunca vistes molher / nunca **chus** pouco algo fazer / a seu linhagen
492 / 18,30 Alf X [B494/V77], v. 23: Pois **chus** mol[e] é que manteiga, / maldito seja!
770 / 70,12 JGarGuilh [B753/V356], v. 1: **Chus** mi tarda, mias donas, meu amigo, / que el migo posera
1400 / 125,21 PGarBu [B1382/V990], v. 20: Dizede-lhis ca **chus** negra é ca pez / e ten sedas de que faran peneira
1439 / 77,5 JServ [V1029], v. 10: deron-lhis das fanegas e dos pescados / atanto, ..., / que, ..., nunca **chus** vi.

Finalmente, tampouco non é desprecíbel o nivel de utilización nas *Cantigas de Santa Maria*, onde se rexistran trece aparicións desta forma (*CSM* 35.42, 68.44, 144.29, 165.58, 185.82, 245.47, 294.9, 298.65, 304.11, 331.6, 343.33, 371.46, 423.28).

**II.** A partícula *mais* presenta xa desde os primeiros textos unha dupla función (adverbio de cantidade e conxunción adversativa) que chega até hoxe en galego e en portugués, lingua en que se consolidou modernamente como forma padrón a variante *mas* como conxunción adversativa, diferenciada, por tanto, fonética e funcionalmente de *mais*, adverbio de cantidade. As raíces desta diversificación formal e funcional, que non triunfou no estándar moderno galego[3], deben ser procuradas na evolución fonética a partir de MAGĬS, que inevitabelmente debeu pasar por un estadio intermedio *maes*, do cal restan rexistros relativamente abundantes, para, a seguir, derivar na esperábel forma ditongada *mais* ou, alternativamente, nunha forma con asimilación e crase certamente favorecida polo seu carácter átono (maes > *maas > mas). En calquera caso, a evolución de MAGĬS lembra a diverxencia evolutiva das terminacións -ALES e -ANES en territorio galego, coa dupla solución que mostra a partícula que estudamos (Ferreiro 1999 [1995]: 63-64, 92-93; Fernández Rei 1990: 64-67).

Verbo da variación *mais / mas*, unha ollada superficial ao corpus editado das cantigas só poderá constatar a presenza absolutamente esporádica e testemuñal de *mas*, forma que mesmo é emendada en *ma[i]s* por diversos editores que parten da

[3] A pesar dos intentos dalgúns escritores do Rexurdimento galego, que utilizaron a forma adversativa *mas* con certa frecuencia, moi especialmente Eduardo Pondal, que intensificou e consolidou a dicotomía *máis / mas* na súa produción co paso do tempo, talvez por influencia do modelo literario camoniano.

convicción de a forma reducida ser un produto evolutivo tardío do territorio portugués. Mais se, como cómpre, confrontamos os textos editados cos manuscritos que os transmitiron, veremos que a realidade é moito máis complexa por canto a intervención editorial anulou, como acontece con outras moitas formas, a variación lingüística que se percibe nos textos achegados polos cancioneiros que chegaron até nós.

## 1. Variación entre testemuños manuscritos

A existencia de diversos manuscritos na transmisión dunha cantiga fai que a conxunción adversativa poida presentar variación nos diferentes testemuños. Na realidade, coa excepción de 692 / 75,11 JPrzAv [A184/B677/V279], v. 10, onde se rexistra a variación *mais A vs. mas BV*, son sempre os apógrafos italianos os que presentan a forma *mais* fronte ao *mas* do *Cancioneiro da Ajuda*[4]: 272 / 79,38 JSrzCoe [A164/B317], v. 9; 285 / 79,15 JSrzCoe [A178/B329], vv. 3 e 14; 298 / 147,10 RoiPaezRib [A187/B338], v. 16; 308 / 147,2 RoiPaezRib [A197/B348], v. 16; 310 / 72,2 JLpzUlh [A199/B350], v. 18; 312 / 72,3 JLpzUlh [A201/B352], v. 21; 313 / 72,14 JLpzUlh [A202/B353], v. 9; 319 / 72,17 JLpzUlh [A208/B359], vv. 9 e 17; 353 / 44,1 FerGvzSeav [A217/B384], v. 14; 355 / 44,2 FerGvzSeav [A219/B386], v. 9; 358 / 44,6 FerGvzSeav [A221/B389], v. 17; 361 / 127,10 PGmzBarr [A222/B392/V2], vv. 7 e 10; 370 / 101,7 MenRdzTen [A227/B402/V12], v. 13; 393 / 70,43 JGarGuilh [A228/B418 e 426/V29 e 38], v. 21; 400 / 31,4 EstFai [A240/B428/V40], vv. 10 e 16; 807 / 114,1 PaiGmzCha [A246/B811/V395], v. 16.

## 2. Escolla editorial xeneralizada a prol de *mais*

Perante tal variación, a maioría dos editores optan pola forma *mais*, conforme os usos maioritarios da lingua trobadoresca; cinxíndonos unicamente ás edicións críticas seleccionadas como referencia na compilación de 1996 (Brea 1996), achamos tal opción en 272 / 79,38 JSrzCoe [A164/B317], v. 9 (Michaëlis 1990 [1904]: 328); 275 / 79,8 JSrzCoe [A167/B319], v. 17 (Michaëlis 1990 [1904]: 335); 285 / 79,15 JSrzCoe [A178/B329], vv. 3 e 14 (Michaëlis 1990 [1904]: 351-352); 298 / 147,10 RoiPaezRib [A187/B338], v. 16 (Barbieri 1980: 39); 308 / 147,2 RoiPaezRib [A197/

[4] Confirmando, máis unha vez, que, ás veces, as leccións de *A* representan un estadio evolutivo máis avanzado do que as de *BV*, que mostran solucións conservadoras (ou diverxentes) nalgunhas ocasións: *fiuza vs. feuza*, *ouver vs. oer*, *cuita vs. coita* etc.

B348], v. 16 (Barbieri 1980: 62); 313 / 72,14 JLpzUlh [A202/B353], v. 9 (Michaëlis 1990 [1904]: 393); 319 / 72,17 JLpzUlh [A208/B359], v. 9 (Michaëlis 1990 [1904]: 404); 361 / 127,10 PGmzBarr [A222/B392/V2], vv. 7, 10 (Nunes 1919: 321); 370 / 101,7 MenRdzTen [A227/B402/V12], v. 13 (Michaëlis 1990 [1904]: 441); 393 / 70,43 JGarGuilh [A228/B418 e 426/V29 e 38], v. 21 (Nobiling 2007 [1907]: 67); 400 / 31,4 EstFai [A240/B428/V40], v. 16 (Michaëlis 1990 [1904]: 469); 807 / 114,1 PaiGmzCha [A246/B811/V395], v. 16 (Monteagudo Romero 1984: 326).

Para alén desta opción, en numerosas ocasións prodúcese a emenda —non sempre indicada— da lección manuscrita *mas* en pasaxes en que esta é a forma transmitida por manuscrito único ou a lección coincidente <mas> de dous manuscritos. Eis os seguintes casos, de novo só a partir da antecitada 'vulgata' de 1996: 267 / 79,37 JSrzCoe [A159], v. 20 (Michaëlis 1990 [1904]: 320); 268 / 79,45 JSrzCoe [A160], v. 16 (Michaëlis 1990 [1904]: 322); 733 / 101,4 MenRdzTen [B718/V319] = [B403/V13], v. 15 (Nunes 1973 [1928]: 140); 749 / 127,3 PGmzBarr [B734/V335], v. 15 (Nunes 1973 [1928]: 153); 789 / 81,6 JVqzTal [B792/V376], r2 (Nunes 1973 [1928]: 185-186). Existe, por outra parte, un caso en que acontece ao contrario, xa que o orixinal *mais* é emendado en *mas*, talvez por lapso ou erro de imprenta: 554 / 25,51 Den [B537/V140], vv. 3 e 8 (Lang 1972 [1894]: 53).

Así pois, aínda que minoritaria, a forma *mas* era utilizada polos trobadores en concorrencia coa forma *mais*, tendo, por tanto, unha presenza non desprecíbel nas cantigas (arredor do 5% en relación a *mais*)[5], en calquera caso moi inferior ao seu uso nas *Cantigas de Santa Maria*, onde, sorprendentemente, a forma reducida da conxunción é amplamente maioritaria en relación a *mais*. Porén, a cantidade de ocorrencias na poesía profana é importante, sobre todo se temos en conta que na prosa galega é anecdótica a súa presenza (*vid. TMILG*, *s.v. mas*), igual que acontece coa prosa portuguesa do século XIV, a teor dos datos subministrados polo *CdP* (*s.v. mas*), onde só localizamos tres ocorrencias para alén dos numerosos rexistros da *Crónica Geral de Espanha de 1344*, que foi transmitida por copias máis tardías[6].

5 Conforme os rexistros de *GLOSSA* (*s.v. mais*), existen 47 ocorrencias de *mas* fronte a 1.285 *mais*: 145.20, 267.20, 268.6, 268.16, 270.9, 272.9, 275.17, 276.15, 285.3, 285.14, 298.16, 308.16, 310.18, 312.21, 313.9, 319.9, 319.17, 347.2, 351.15, 353.14, 355.9, 358.17, 361.7, 361.10, 370.13, 393.21, 400.10, 400.16, 409.11, 410.10, 410.16, 733.15, 749.15, 789.6, 807.16, 1038.4, 1046.10, 1201.10, 1225.4, 1245.8, 1246.22, 1282.10, 1387.13, 1432.21, 1573.5, 1652.29.

6 No *CdP* percíbese como no século XV se multiplican os usos de *mas*, coherente coa consolidación desta variante para a conxunción adversativa que se estaba a producir na lingua literaria elaborada en Portugal.

**III.** Estabelecida, por tanto, a existencia dos dous resultados básicos de MAGIS como conxunción adversativa, cómpre preguntármonos sobre o hipotético carácter bisilábico da forma *mais* (que parecería claro no resultado intermedio *maes*), tanto nos usos adverbiais como conxuntivos, o mesmo que na forma derivada *demais*. Ao longo da historia editorial da lírica profana galego-portuguesa, diversos estudosos advertiron e consideraron na súa metodoloxía ecdótica o eventual carácter bisilábico da partícula en cuestión: «Ahora bien, *mais* (<*magis*), que es ordinariamente monosilábico [...], puede ser excepcionalmente bisílabo», explicita José Luís Rodríguez na edición crítica de Joan Airas (Rodríguez 1980: 60).

Certamente, existen diversos factores en contra de tal consideración, pois sería a única secuencia [ʻaj] con tal estatuto métrico[7], para alén de que nas cantigas transmitidas polo *Cancioneiro da Ajuda* non semella rexistrarse esa peculiaridade (*vid*. Arbor Aldea 2012). No entanto, tamén existen indicios de que *mais* podería ter, aínda que excepcionalmente, tal carácter:

1. A propia anomalía evolutiva de MAGĬS, sen que desembocase no esperábel ditongo [ej] como acontece de regra na evolución a partir da secuencia [aj], sexa cal for a súa orixe, latina ou románica (Ferreiro 1999 [1995]: 76-77). Talvez a manutención de [aj] sexa debida a unha serodia desaparición de -G-, que, deste xeito, podería xustificar unha elocución bisilábica (sempre a convivir co ditongo) semellante á que se produciu noutros contextos en que a desaparición dunha consoante xerou inicialmente un hiato [ae], especialmente visíbel na lingua medieval, que desembocou modernamente no ditongo [aj] (*cfr*. as desinencias plurais procedentes de -ANES, -ALES; *vid*. Ferreiro 1999 [1995]: 92-93).

2. A aparición da forma *maes*, con explícito hiato gráfico, como fase anterior de *mais* mostra de modo máis claro esa posibilidade bisilábica da partícula[8]. Tal forma rexístrase nas *Cantigas de Santa Maria*, se ben aparece en posición final de verso:

> Logo madr' e fillo en camỹ' entraron
> e foron a Salas e alá contaron
> aqueste miragre; e todos loaron
> a Virgen por est' e loarán ja **maes** (*CSM* 114.54).

---

[7] Porén, lémbrese que, por exemplo, *traiçon* (<TRADITIONEM) presenta ordinariamente tres sílabas no cómputo trobadoresco (agás en 830.16), o mesmo que outras secuencias similares: *sa|irei*, *estra|idade* ou *irma|idade*.

[8] Con todo, nas *Cantigas de Santa Maria* atéstase unha forma *demaes* bisilábica: ***demaes*** *pães e vỹos / roubava dos mesquỹos* (*CSM* 182.16).

E pois fazen camisas, | cada un de seu ano,
que enas lides tragen, | per que os Deus de dano
guarde dos ẽemigos; | mas esto sen engano
o façan, senon nunca | lles valrria ja **maes** (*CSM* 148.18).

Mais tamén se pode encontrar esporadicamente en textos notariais ou cronísticos galego-portugueses, con independencia do territorio de procedencia, xa desde os primeiros textos conservados, e con especial incidencia no período inicial do romance, ao longo do século XIII:

E sup*er* sa aiuda oue testifigo c*ũ* petro gomez omezio q*ue* li custou **maes** <q*u*a> ka .c. m*ora-bitinos* (*Noticia de Torto*, 1214?; *cfr*. Souto Cabo 2008: 265).

He de **maes** pete al senor de la t*er*ra quínentos soldos (1236; cfr. Souto Cabo 2008: 357).

E dar .x. sold*os* por lujtosa & n*on* faz*er* **maes** foro deste dicto (1255; *cfr*. Souto Cabo 2008: 68).

E seer uosa fila vasala de quem touer o monesterio dicto, e dar XL soldus por luitosa et non fazer **maes** foro deste dicto (doc. de 1255; *cfr*. *TMILG*, *s.v*. *maes*).

fazo foro. A uos domigo mig*ue*lez. & a uos feueiro migal*e*z dela h*er*dade de san saluador q*ue* á en uila noua. de q*ua*nto laurardes de mõte dardes. xesma A este noso. /monesteiro/ & senas galinas cada ano. & .xij. xij. ouos. & nõ **maes** (1256; *cfr*. Souto Cabo 2008: 76).

E p*or* esta nossa cousa séér **maes** firme e **maes** stauil e q*ue* nõ possa uĳr en duuida damosu*os* ende esta nossa carta ab*er*ta seelada de noss*os* seelos q*ue* tẽnades en testemoyo (1257; cf. Souto Cabo 2008: 283).

**maes** por soo a tentaciom, quanto demandar, tanto a vos en dublo compona, e pecte a vos, ou a quem derdes vossa voz, quadraginta morabitinos, e ou Senhor da terra outro tanto (1260; *cfr*. Souto Cabo 2008: 293).

cume da estraia q*ue* este nosso feito q*u*iser b*r*itar ou tentar. nõ li seia outurgado. **maes** por sóó a tentaciõ. quãto demãdar tãto a uos em dublo cõpona (1262; *cfr*. Souto Cabo 2008: 296). E q*uẽ* caualo aleno caualgar por .j. dia peite .j. carneiro. & se **maes** peite as angueiras. por hũu dia .vj. d*inheiros*. e por hũa noite .j. s*o*l*do*. (1262; *cfr*. Souto Cabo 2008: 298).

E se alguẽ uéér (uéér) assi da nossa parte cume da estraya q*ue* este nosso fec*t*o q*u*iser b*r*itar ou tentar. nõ li seia out*or*gado. **maes** por sóó a tẽtaciõ: q*u*anto demãdar tãto a uos en dublo *com*pona. (1263; *cfr*. Souto Cabo 2008: 303).

E desse marco como sse uai aa uẽa de vdigebe o **maes** p*re*to. [...] esta carta screui & este meu sinal y posi ĩ testemoỹo daq*ue*sta cousa. e nos sobr*edict*o Concello por séér **maes** firme e **maes** stauil este nosso feito seelar fezemos esta carta de nosso seelo pendẽte ĩ testemoyno do q*ue* ẽela séé sc*r*ito (1267; *cfr*. Souto Cabo 2008: 319).

E esta pobra de Cayna & estes logares sobr*e*dictos u*os* damos q*ue* tenades de nos e de nossa ordĩ por en todos uo ssos dias por muita aiuda q*ue* fezestes a nos & a nossa ordĩ #liurem*en*te# & faredes |11 **maes** adeãte. [...] E por q*ue* este nosso feito fosse **maes** firme & stauil e nõ uẽesse en duuida mãdamos en aq*ue*sta carta põer nossos seelos q*ue* teuessedes de nos (1268; *cfr*. Souto Cabo 2008: 323).

*e* rogulj *e* pregulu q*ua*ntu heu **maes** posso q*ue* ma ffaza cõprir (doc. de 1268; *cfr*. *CIPM*, *s.v. maes*).

E por este nosso feyto séér **maes** ^fine^ & **maes** stauíl ĩ todos uossos dias assi como de sus dito {é} (doc. de 1268; *cfr*. Souto Cabo 2008: 325).

& por isto sséér **maes** ffirme & **maes** estauil. eu dõ Pedro ponzo. & ma moller dona Sancha rod*r*igiz. FFezemos põer nosos ssaelos en esta Carta (1268; *cfr*. Souto Cabo 2008: 325).

e q*ue* nõ possã uender nẽ dar nẽ alenar nẽ enpenorar esses dauãdictos t*er*mhos. **maes** fiquẽ líures e quítes despos sa morte d' anbos aa ordĩ (1268; *cfr*. Souto Cabo 2008: 327).

& rogulj & pregulu q*ua*ntu heu **maes** posso q*ue* ma ffaza cõprir. pelu meu. & pelu s#ee# seu (1268; *cfr*. Souto Cabo 2008: 328).

e que isto seía **maes** creudo & q*ue* nõ uena poys en dulda. nos de suso noméados mãdámos faz*er* estas duas Cartas p*er* abeçe p*ar*tidas q*ue* tenámos en testemoĩa (1270; *cfr*. Souto Cabo 2008: 344).

Out*r*ossi estes uoss*os* p*ro*curadores mj dero*m* en sc*rip*to p*er* essa creen*ç*a muytos **maaes** ag*ra*uamentos q*ue* dizia*m* q*ue* recebiades en tenpo d El Rey meu padre (doc. de 1325; *cfr*. Centro de Estudos Históricos 1982: 13).

Na propia lírica trobadoresca achamos unha pasaxe en que se rexistra indubitabelmente *maes* na lección subministrada polo *Cancioneiro da Vaticana*[9]:

---

9 Para a correcta contaxe métrica do verso será necesaria, tendo en conta as dúas sílabas de *maes*, a sinalefa *como_o*, de modo que o acento fique na cuarta sílaba. Semellantes sinalefas entre *como* e a vogal *o* inicial do vocábulo seguinte poden verse en 46.19 (*como ora*), 880.19 (*como oj'*), 926.12 (*como omen*), 1025.13 (*como outra*), 1325.3 (*como ou*), 1331.9 (*como ome*), 1534.13 (*como ou*), 1536.7 (*como ou*); polo contrario, o resultado da secuencia *como* + pron. *o* é sempre un hiato: 589.10, 1501.7, 1514.7.

1445 / 88,7 & 81,9 Lour & JVqzTal [V1035], v. 19:
—Joan Va[a]squez, nunca roubei ren
nen matei omen nen ar mereci
por que mi deitassen, mais vii[n] aqui
por gaar algo e po[i]s sei iguar-mi ben
como o trobar vos[s]o; **maes** estou[10]
que se perdia convosc' e quitou-
-se de vós, e non trobades por én.

3. A rima de *mais* con *quaes* nunha cantiga de Joan Soarez Coelho constitúe, así mesmo, un outro indicio dunha probábel pronuncia bisilábica da partícula:

1432 / 79,47 & 88,12 JSrzCoe & Lour [V1022], vv. 12-13:
—Joan Soarez, ora m' ascuitade:
eu ouvi sempre lealdade migo,
e quen tan gran parte ouvesse sigo
en trobar com[e] eu, par caridade,
ben podia fazer tenções **quaes**
fossen ben feitas; e direi-vos **máis**:
lá con Joan Garcia baratade.

4. Algunhas variantes na transmisión textual poderían apuntar tamén na mesma dirección bisilábica de *mais*. Aínda que por veces as leccións de *A* parecen confirmar a existencia de lapsos de copia en *BV*, tamén sería posíbel interpretar a real existencia de *mais* bisilábico nalgunhas redaccións diferentes nos apógrafos italianos en relación ao *Cancioneiro da Ajuda*:

134 / 97,38 MartSrz [A47/B159], v. 19:
**mais** tolhe-m'én **log'aqueste** cuidar (*A*)
**mais** tolhe-m'én **daqueste** cuidar (*B*)

216 / 43,16 FerGarEsg [A116/B232], v. 14:
me non leixa **convosco máis** morar (*A*)
me non leixa **vosco máis** morar (*B*)

272 / 79,38 JSrzCoe [A164/B317], v. 9:
fazer gran mal; **mas** que **lhes ar** fiz eu? (*A*)
fazer gran mal; **mais** que **lh' ar** fiz eu? (*B*)

---

10 A conxunción adversativa (e a lectura do verso en xeral) foi emendada en diversos editores (agás en Tavani 1964: 130): *con o trobar vosso; **mais** [eu] estou* (Lapa 1970 [1965]: 412), *com esse trobar vosso; **mais** estou* (Lopes 2002: 290), *como o trobar vosso; **mais** estou* (Fregonese 2007: 86).

301 / 147,17 RoiPaezRib [A190/B341], v. 16:
**mais**, pero lh' eu non **ousasse** falar (*A*)
**mais**, pero lh' eu non **ous' a** falar (*B*)

312 / 72,3 JLpzUlh [A201/B352], v. 21:
**mas do om'** ei eu gran sabor (*A*)
**mais d' om'** ei eu gran sabor (*B*)

317 / 72,11 JLpzUlh [A206/B357], v. 18:
e por én **sõo máis** pouco preçado (*A*)
e por én **son máis** pouco preçado (*B*)

361 / 127,10 PGmzBarr [A222/B392/V2], v. 7:
pesar dizer, **mas** non pud' eu **i** al (*A*)
pesar diz[er], **mais** non pud' eu al (*BV*)

Mesmo existe unha variación nas dúas versións (fragmentarias) da cantiga 450, que, malia os graves problemas textuais que contén, apunta na mesma dirección ao transmitir o mesmo verso coa alternancia *mais* / *pero* no Cancioneiro da Biblioteca Nacional:

450 / 61,1 GonGar [B455], v. 12:
**pero** quer' ante molher (B)
**mais** quer' ante molher (B')

5. Aínda que en xeral no *Cancioneiro da Ajuda* non se detecte, en principio, medida bisilábica de *mais* (algúns dos eventuais casos son corrixidos pola lección de B), existen tres contextos en que tal contaxe parece obvia, a pesar das conclusións de Mariña Arbor (2012: 190) tras demorados razoamentos para negar tal posibilidade:

> Tomando como base os datos que nos ofrece o manuscrito da Ajuda, cabe sinalar, pois, que a forma *mais* reviste carácter monosilábico a efectos de cómputo métrico. Cando, en determinados versos, parece contradicirse este comportamento, son os principios que habitualmente manexa a crítica textual —os erros que se derivan das sucesivas fases que integran o proceso de copia— ou os fenómenos de variación lingüística os que permiten matizar a cuestión, dado que só en casos moi puntuais —e de non aceptarse as indicacións que aquí se ofrecen— podería someterse a debate o que parece un principio xeral: que na lírica trobadoresca, ou, matizando máis, nas pezas consideradas para este estudo, *mais* é forma unicamente monosilábica.

a) En primeiro lugar, na cantiga 67 / 151,19 VaFdzSend [A4/B94], v. 21, o texto transmitido por A é *ca **inda** vos **máis** direi* (<ca ynda uos mais direi>), mentres que

*B* achega a variante *ainda*, trisilábica (<caa iuda uꝰ mais ...>). Mais a forma *inda* é perfectamente correcta e como tal debería aceptarse concedendo prioridade ao manuscrito de Ajuda[11]: *cfr*. *inda* tamén en 68 / 151,9 VaFdzSend [A5/B95], v. 12 (ca **inda** o a de perder[12]), 853 / 8,4 AfPaBra [B857/V443], v. 3 (ca **inda** lh' eu muito graceria[13]), 1093 / 33,6 EstFdzElv [B1091/V682], v. 3 (e, pois Deus quis que **inda** non morreu[14]), 1099 / 116,30 PAmigo [B1097/V688], v. 13 (ca **inda** m' eu ant' a [vi]ver cuidava[15]).

b) Por outra banda, na cantiga 152 / 11,12 AiCar [A64/B176], o v. 24 presenta o texto *mais direi-vos por que o leixei* en *A*, fronte a *B*, que introduce un artigo perante o relativo (*mais direi-vos* ***o*** *por que o leixei*). No entanto, a lección de *A* é tamén perfectamente válida se considerarmos bisilábico *mais*, sen ser necesaria a introdución do artigo de *B* para asegurar a medida do verso. Aliás, debe terse en conta que non se rexistra o artigo en contextos similares da lírica profana: *e direi-vos por que mi aven* (72.18), *e direi-vos por que o dig' assi* (131.3), *e aquesto direi-vos por que [é]* (516.10), *e direi-vos por que o ei* (908.4).

c) Por último, no verso *mais non vos faç' eu saber* (256 / 152,17 VaGil [A148/B271], v. 16), transmitido por *A* (<*m*ays non uus faceu ſaber> *A*, <Mays nõuꝰ façen ſabedor> *B*), aínda que Nobiling (2007 [1907]: 196) propón a emenda *non vos faç' eu [ren] saber* para resolver a aparente hipometría[16] (*cfr*. *faç[o]* en Michaëlis 1990 [1904]: 298), a contaxe de *mais* como bisilábico evita calquera intromisión textual nunha pasaxe en que tal elemento non é necesario do punto de vista sintáctico e/ou semántico:

> **Mais** non vos faç'eu saber
> de quanto mal me faz Amor
> por vós, ca m'ei de vós pavor,
> ca, se vo-l'ousasse dizer,
> *doer-vos-iades de mí.*

11 Sen excluír unha posíbel omisión de <a> no proceso de copia.

12 <ca ynda o a de p̱der> *A*, <erudãdoa de perder> *B*.

13 <ca jnda lheu muyto graçeria> *B*, <ca in da lhen muyto grazeria> *V*.

14 <E poys deus quis q̄ ynda nõ morreu> *B*, <e poys deus quis me ynda nõ morreu> *V*.

15 <Ca hinda meu antauer cuydaua> *BV*.

16 «Aqui falta ao *faceu saber* do manuscrito não só uma sílaba, que decerto seria mais facilmente suprida pela introdução do *o* elidido, mas também uma palavra de que o *de* da linha seguinte depende. A leitura terá de ser *faç' eu ren saber*. A falta da palavra *ren* explica-se pelo desvio do olho por causa de semelhança entre *eu* e *en*. É aparentemente deste erro de leitura que se origina a lição equivocada do CB *Mays nõuꝰ façen ſabedor*, sendo que um copista –claro que não o italiano– pensou estabelecer sentido e metro, mas esqueceu de atentar para a seqüência da rima» (Nobiling 2007 [1907]: 196).

